

## **PREGUNTA DE AER SOBRE O CAMIÑO DO PENISAL**

PLENO 29 DECEMBRO 2011. ACTA 22/2011

Hai hoxe 3 meses, aquí mesmo preguntabamos en referencia o Camiño do Penisal e os seus anexos en Chapela "*Que están facendo vostedes para que esta obra sexa rematada no menor tempo posible? Teñen pensado pedir algún tipo de compensación polos tremendos danos colaterais que están causando?*" Contestaron que nunha semana máis o menos estarían os obreiros solucionando o problema. Á vista de todos está que iso non foi certo. No Consello Parroquial de Chapela o día 3 de Novembro, o representante do Concello dixo que o luns seguinte, día 7, os obreiros virían solucionar o problema. É certo que os obreiros viñeron ese mesmo luns, pero para sorpresa, eses obreiros non están a solucionar a desfeita anterior, senón que están continuando coa desfeita polos anexos ao Camiño do Penisal que anteriormente non foran tocados. Si, sabemos que a obra non é responsabilidade directa do Concello, que hai denuncias de Fomento, etc... pero isto está a suceder nunha parroquia deste concello e nun camino que é ruta habitual dos rapaces/as pra ir o I.E.S.P de Chapela.

**Van exixir que acaben o que empezaron hai xa máis de 3 meses e non remataron antes de seguir deixando case intransitables máis camiños? Teñen pensado pedir algunha compensación a quen corresponda polos perxuizos causados?**

*O concelleiro Pazos Couñago di que se está a intentar que a obra se remate canto antes. Sinala que non podemos pedir compensacións porque o erro foi do Concello ao deseñar a obra e aínda que cambiara o goberno o Concello é o mesmo. A financia a Deputación totalmente e non teñen a culpa de que non se tiveran en conta certas cousas.*